



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. JULIA BECERRA MALVAR
Rúa Joaquín García Álvarez, 16 – 17
36636 Barrantes Ribadumia (Pontevedra)
Tel. 886151636 Fax: 886151643
E-mail: cpi.julia.becerra@edu.xunta.es

PLAN DE ACOLLIDA

CPI JULIA BECERRA MALVAR





**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. JULIA BECERRA MALVAR
Rúa Joaquín García Álvarez, 16 – 17
36636 Barrantes Ribadumia (Pontevedra)
Tel. 886151636 Fax: 886151643
E-mail: cpi.julia.becerra@edu.xunta.es

ÍNDICE

- A. Contextualización.
- B. Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- C. Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- D. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- E. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. JULIA BECERRA MALVAR
Rúa Joaquín García Álvarez, 16 – 17
36636 Barrantes Ribadumia (Pontevedra)
Tel. 886151636 Fax: 886151643
E-mail: cpi.julia.becerra@edu.xunta.es

A. CONTEXTUALIZACIÓN

Este documento está elaborado en base ás Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020.

Por conseguinte, o equipo directivo elabora un Programa de acollida que ten por obxecto desenvolver, en base ás Instrucións citadas e ao Programa de Acollida do CPI Julia Becerra Malvar, e que se publicará na web do centro para o reinicio da actividade académica presencial para que se realicen as achegas, por parte da comunidade educativa, previamente a súa aprobación. Levaranse a cabo nas dúas primeiras semanas de curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, os aspectos que se desenvolven a continuación.



B. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do centro.

O profesorado previamente chamará por teléfono, **se fose necesario**, ás familias para presentarse e comunicar en que grupo e aula está o seu fillo/a.

USO DE MÁSCARA

- O uso de máscara será obrigatorio para todo o persoal e alumnado maior de 6 anos, tanto dentro como fóra da aula.
- Nos desprazamentos **a outro edificio** e no bus será obrigatoria tamén para o alumnado de infantil, **pola propia seguridade do alumnado**.
- Todo o alumnado deberá traer unha máscara de reposto nun sobre de papel ou tea, **preferentemente, nunca de plástico ao ser posible**, co seu nome.

CALENDARIO DE VOLTA ÁS AULAS:

DÍA 10 DE SETEMBRO:

- 4º E 5º EDUCACIÓN INFANTIL.
- 1º, 2º E 3º EDUCACIÓN PRIMARIA.

DÍA 11 DE SETEMBRO:

- 6º EDUCACIÓN INFANTIL.
- 4º, 5º E 6º EDUCACIÓN PRIMARIA.

DÍA 16 DE SETEMBRO:

- 1º E 2º ESO.

DÍA 17 DE SETEMBRO:

- 3º ESO.

DÍA 18 DE SETEMBRO:

- 4º ESO.

Horario do primeiro día

Para evitar aglomeracións e confusións propias da primeira xornada, poderanse flexibilizar os horarios, en todo caso será comunicado con anterioridade.

Neste primeiro día de clase, o alumnado estará as primeiras horas co seu titor/a, que será o encargado/a de informar das novas normas de organización e funcionamento.

Organización do centro

Os grupos cos que contaremos este ano son:

EDUCACIÓN INFANTIL	4º A: 13
	5º A: 24
	6º A: 25
EDUCACIÓN PRIMARIA	1ºA: 21
	1º B: 21
	2º A: 19
	2º B: 19
	3º A: 18
	3º B: 18
	4º A: 16
	4º B: 17
	4º C: 18
	5º A: 25
	5º B: 24
	6º A: 25
	6º B: 24
	EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA <i><u>Ainda por definir, pois o prazo de matrícula non remata ata o 10 de setembro.</u></i>
1º ESO B:	
1º ESO C:	
2º ESO A:	
2º ESO B:	
3º ESO A:	
3º ESO B:	
4º ESO A:	
4º ESO B:	

- Cada un dos grupos de Educación Infantil e Primaria serán considerados **GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA**.
- Na ESO manterase a distancia de seguridade entre o alumnado.

- O alumnado de cada grupo **estable** pode relacionarse entre si pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables.
- Evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre si obriga a organizar entradas, saídas e recreos, entre outros aspectos.

IMPORTANTE:

- Só poden acceder ao interior do centro escolar os acompañantes do alumnado de Educación Infantil que están co Período de Adaptación, é dicir do alumnado de 4º de educación Infantil.
- Os acompañantes do alumnado de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria non poden acceder ao edificio pero si ao recinto, posteriormente o alumnado accederá só ao centro entrando polas correspondentes portas de acceso.
- Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas.
- Só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna. Será fundamental a puntualidade e a partires do 1º día non se debe chegar antes das 09:00, no caso de Educación Infantil e Primaria e das 08:15, no caso da ESO, xa que agora o alumnado non poderá permanecer no recinto exterior do centro, terá que subir directamente ás aulas.
- 1º día débense respectar os horarios de xeito exhaustivo. En canto o alumno/a entre ou saia, os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.

Véxase anexos dos planos de infantil, primaria e ESO.

Horario de entrada ao longo do curso

A entrada será escalonada, primeiro o alumnado do plan madruga, logo o alumnado transportado e, finalmente, o da casa. A medida que vaian chegando ao centro van entrando ás súas aulas:

EI/EP

9:00-9:20 Entrada do alumnado.

ESO

8:00-8:15 Entrada do alumnado transportado.

8:15-8:20 Entrada do alumnado que vén da casa.

- **Haberá un acceso para o alumnado que vén da casa marcado por uns “pivotes” a modo de beirarrúa, circulando sempre pola dereita e mantendo o distanciamento social.**

- **Ao chegar ao centro dirixiranse directamente ás súas aulas, facendo a limpeza adecuada nas entradas ao centro, e onde se irán sentando cada un na súa cadeira, mantendo a distancia de seguridade.**
- Haberá profesorado de garda nos puntos estratéxicos do centro.
- Antes de entrar, en cada porta de acceso, hai un dispensador de xel no que deberán facer o 1º lavado de mans e hixienizar os pés na alfombra de entrada.
- Unha vez que cheguen ás aulas, haberá outro dispensador na entrada e volverán a desinfectalas.
- As familias que acompañen ao alumnado de infantil, antes de que estes entren, deben indicarlle aos nenos/as que fagan uso dos dispensadores de xel que se atopan a cada lado das portas de acceso e limpen os pés na alfombra.

Horario de saída ao longo do curso

A saída será escalonada para as tres etapas:

EI

13:55 Sae 4º de infantil: 3 anos

14:00 Sae 5º de infantil: 4 anos

14:05 Sae 6º de Infantil: 5 anos

EP

13:55 Saen 6º,4º e 2º polas portas B, D, C

14:00 Sae 5º e 3º polas portas B e A.

14:05 Sae 1º pola porta C.

14:10 Sae alumnado de autobús.

14:15 Sae alumnado do comedor.

ESO

LUNS-MÉRCORES E VENRES:

1º ESO: 13:32.

2º ESO: 13:33.

3º ESO: 13:34.

4º ESO: 13:35.

MARTES E XOVES:

1º ESO: 14:47.

2º ESO: 14:48.

3º ESO: 14:49.

4º ESO: 14:50.



A saída do alumnado do centro farase de xeito escalonado nos últimos 4 minutos da última hora de clase. Soarán 4 timbres e irán baixando por cursos para saír ao exterior ben fora do recinto ou ben para o autobús.

Para os que van no transporte.

- Ao remate da xornada escolar o alumnado transportado dirixirase ao recinto exterior en ringleiras respectando o metro e medio de separación.

Para os que van ao comedor.

- O alumnado de Educación Primaria, que vai ao comedor, será recollido polas portas asignadas a cada curso polas cancelas onde esperarán as monitoras, respectando os mesmos grupos estables que no horario lectivo, mantendo a distancia de seguridade.
- O alumnado de ESO, dirixirase directamente, mantendo a distancia de seguridade.
- Para o alumnado de Educación Primaria e ESO faranse dúas quendas. Un grupo estará no ximnasio mentres o outro estará no comedor, mantendo a distancia de seguridade.
- O alumnado de infantil comerá nas aulas.

Para os que van para a casa.

- As familias de EDUCACIÓN INFANTIL, mentres están co Período de Adaptación, esperarán na porta de acceso ao edificio de Educación Infantil para recoller aos nenos/as.
- O resto das familias tanto de Infantil como Primaria, e de ser o caso ESO, esperarán na explanada mantendo a distancia de seguridade.

Horario e espazos de recreo

Estará prohibido o uso de elementos comúns de xogo e reforzarase con máis persoal de vixilancia.

EI/EP

Haberá dúas quendas de recreo, para evitar aglomeracións:

11:35-12:00 1º Recreo

12:05-12:30 2º Recreo.

Espazos:

- **Infantil: os dous patios infantís e a zona axardinada da explanada.**



- **Primaria: habilitaremos 4 espazos, dous máis do habitual. Empregaremos o patio interior, o campo de fútbol, a explanada, e o xardín de Protección Civil.**

ESO

RECREO LUNS-MÉRCORES E VENRES: 10:45-11:05.

E 2º RECREO MARTES E XOVES: 12:45-13:10.

Espazos:

O alumnado baixará de forma escalonada, a intervalos de 2 minutos , por nivel e farase no campo de fútbol ou no pavillón. Estarán divididos en 4 partes marcadas no chan onde o alumnado permanecerá por niveis.

Material

O 1º día

- O alumnado de infantil traerá unha mochila coa merenda e a máscara coa funda correspondente para gardala.
- Os días 10 e 11, de inicio das clases, o alumnado de Primaria ten que traer nunha mochila, a merenda, unha libreta, un bolígrafo/lapis, ceras de cores e unha caixa de panos desbotables que irán repoñendo ao longo do curso segundo se vaian acabando. Ademais ten que traer o kit básico que incluírá: máscara e outra de reposto, hidroxel e desinfectante.

O resto do curso

- Recordamos que en Primaria non se pode compartir material polo que é moi importante que o alumnado comprobe antes de vir ao centro que trae todo o necesario.
- O material solicitado neste curso non se poderá deixar en conserxería para logo levar ás aulas.
- Organizarase en función do que informe cada mestre titor.

Gardas de entrada e saída

Reforzaremos as gardas para poder supervisar o acceso do alumnado e comprobar que realiza as rutinas previas ao inicio da xornada lectiva.

En EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA: contarase con todo o profesorado ao inicio do curso.

En ESO: 4 profesores.



Gardas de recreo

Reforzaremos as gardas con:

En EDUCACIÓN INFANTIL e PRIMARIA: contarase con todo o profesorado ao inicio do curso.

En ESO: 4 profesores.

Acompañamento do alumnado

Limitase a un acompañante por alumno no recinto escolar tanto nas entradas como nas saídas e facendo uso obrigatorio da máscara.

Titorías

Sempre que sexa posible as titorías serán telefónicas ou videochamadas. En infantil e Primaria será os luns de 16:00 a 17:00 e en ESO por determinar.

En caso de non poder ser así, será necesario a solicitude de cita previa sempre (a través da axenda en Infantil e Primaria) ou chamando ao centro en horario lectivo, habilitarase unha aula para facela presencial, con mampara, uso de máscaras e deberá cumprir as condicións de limpeza e ventilación indicadas para as aulas.

Cando nalgunha destas reunións sexa necesario o visionado dalgunha proba escrita, avisarase con anterioridade para poder facer copias da mesma e evitar a manipulación conxunta.

Biblioteca

Non se asistirá á biblioteca durante os recreos.

Cada titor/a será o encargado/a de facer a biblioteca de aula. En caso de cambios os libros, permanecerán en corentena antes de ser utilizados outra vez

Aula de informática

EI/EP/ESO

Como norma xeral non se utilizarán as aulas de informática. No caso de ser usada cumpriranse estritamente as medidas de prevención, hixiene e desinfección.



Uso de aseos

Restrínxese o aforo a unha persoa, para o que se empregarán sinais visuais e medidas de hixiene tanto na entrada como na saída.

Haberá profesorado de garda para controlar os aforos nos aseos nas entradas, saídas e recreos, garantindo que se cumpra, tanto o aforo como a distancia.

No caso de que algún alumno precise acompañante, este portará as medidas de protección individuais necesarias.

Portas de entradas e saídas e circulación polo centro

A circulación será sempre ocupando a parte dereita do corredor, de xeito individual e respectando as quenclas de circulación, seguindo as frechas.

EI

En infantil, a entrada do alumnado que vén da casa será pola porta principal. Os que veñen en bus ou do plan madruga será pola porta lateral.

EP

No edificio de primaria, empregaranse as portas de entrada habituais e dúas máis que habilitamos este curso para tal uso, unha situada preto da entrada ao edificio, e outra que está ao final do edificio. A porta principal será de fluxo de profesorado das 3 etapas, e para entrada e saída de persoas alleas ao centro. VÉXASE ANEXO ANTERIOR.

ESO

Todo o alumnado fará a entrada no centro pola porta do edificio máis próxima ao edificio de infantil; e a saída do centro pola porta do edificio máis próxima á entrada do edificio de primaria.

Para subir ao segundo piso, farase pola escaleira máis próxima á porta de entrada do edificio e baixarse pola escaleira máis próxima á porta de saída do edificio. VÉXASE ANEXO ANTERIOR.

Actividades e eventos

Como norma xeral non se realizarán eventos no centro. Debido á organización en grupos de convivencia estable, tampouco se levarán a cabo actividades nas que se mesture alumnado de diferente nivel ou etapa. Todas as actividades poderán realizarse en grupo aula.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. JULIA BECERRA MALVAR
Rúa Joaquín García Álvarez, 16 – 17
36636 Barrantes Ribadumia (Pontevedra)
Tel. 886151636 Fax: 886151643
E-mail: cpi.julia.becerra@edu.xunta.es

No caso de ter que realizarse eventos ou actividades que impliquen mesturar cursos cumpríranse estritamente as medidas de prevención, distanciamento e aforos.

Outras instrucións

- Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios ou que xogue nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto. Asemade, informarase ás familias da necesidade da responsabilidade persoal de non facer agrupamentos nos accesos ao centro escolar.
- Reforzarase o número de profesores de garda para facer efectiva a entrada e a saída do recinto escolar en condicións de seguridade, así como nos recreos.
- Uso de máscara no centro obrigatorio. En infantil é recomendable o uso da máscara sempre que fose posible.
- Compromiso na realización da autoenquisa clínica diaria: tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarana as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio). ADXÚNTASE:



ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		

- Equipo Docente pasará polas aulas á chegada ao centro e antes da reunión inicial, para abrir as fiestras e ventilar antes do inicio da xornada. Igualmente quedarán abertas durante a



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. JULIA BECERRA MALVAR
Rúa Joaquín García Álvarez, 16 – 17
36636 Barrantes Ribadumia (Pontevedra)
Tel. 886151636 Fax: 886151643
E-mail: cpi.julia.becerra@edu.xunta.es

xornada se o tempo o permite e durante o recreo ou sempre que se realicen actividades fóra da aula.

- Ventilación entre sesións: será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básica do espazo e material de traballo persoal.
- Limpeza de mans ao longo da xornada escolar:
 1. Ao acceso ao centro.
 2. Ao acceso á aula.
 3. Antes das merenda.
 4. Despois da merenda.
 5. Antes de sair ao recreo.
 6. Despois do recreo.
 7. Antes e despois de utilizar o baño.



C. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

PREVENCIÓN:

Para poder previr todo tipo de contaxio debemos seguir os seguintes os obxectivos:

- Evitar aglomeracións:
 - Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
 - Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
 - Establecer quendas de recreo.
 - Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
 - Regular o acceso aos aseos
- Distancia social:
 - Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
 - Evitar situacións de contacto físico.
- Responsabilidade individual:
 - O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.
 - As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao centro se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

HIXIENE:

As accións que debemos levar a cabo son:

- Hixiene xeral do centro:
 - Realizar desinfeccións dos aseos pola mañá e de todos os espazos do centro pola tarde.



- Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
 - Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
 - Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.
- Hixiene persoal:
- Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
 - Adquirir hábitos como tusir ou esberrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
 - Aprender a manipular correctamente as máscaras.
- Rutinas de responsabilidade individual:
- Desinfectar o calzado sempre que se entre no centro. Para iso haberá uns felpudos de desinfección en cada entrada.
 - Hixienizar as mans sempre que se entre no centro. Para iso haberá uns dispensadores de hidroxeles en cada entrada.
 - Facer previa desinfección cando se vaia a utilizar algún tipo de material de uso común, como o ordenador. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel.
 - Facer unha limpeza de elementos propios de traballo, como a mesa, bolígrafos, etc. . Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel.
 - Facilitar o labor do persoal de limpeza: recoller e gardar todo o material da aula para que se poida pulverizar pola tarde e non ocasionar desperfectos en libros, papeis...
- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:
- Xel: en todas as aulas e espazos comúns.
 - Xabón: nos aseos.
 - Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
 - Toallas desinfectantes: nas aulas de educación infantil.
 - Solución desinfectante: nas aulas.

PROTECCIÓN:



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. JULIA BECERRA MALVAR
Rúa Joaquín García Álvarez, 16 – 17
36636 Barrantes Ribadumia (Pontevedra)
Tel. 886151636 Fax: 886151643
E-mail: cpi.julia.becerra@edu.xunta.es

- Uso de máscara:

- Uso obrigatorio para todo o profesorado.
- Uso obrigatorio para todo o alumnado en zonas comúns e recreos.
- Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria e ESO dentro das aulas.

- Pantallas:

- Mamparas:

- Para realizar trámites coas familias instalouse unha no despacho de dirección, orientación, xefatura de estudos de ESO e nunha aula onde se faga unha titoría presencial.

D. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.

En canto ao alumnado, o primeiro de todo é saber de que recursos e medios dispoñe. A primeira semana faremos unha táboa para saber, en caso de facer clases non presenciais, se dispoñen de ordenador e acceso a internet.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

NIVEIS	ACCIÓNS
INFANTIL	<ul style="list-style-type: none">• Acceso ao blog• Envío de tarefas.
1º e 2º PRIMARIA	<ul style="list-style-type: none">• Acceso a classroom ou algunha similar (1º e 2º EP)• Envío de tarefas.
3º-6º PRIMARIA e ESO	<ul style="list-style-type: none">• Acceso á aula virtual.• Acceso aos diferentes cursos / áreas nos que estea matriculado/a.• Envío de tarefas a través da aula virtual.• Xestión da súa conta de correo electrónico e funcionalidades básicas da conta.• Consulta de cualificacións e comentarios.• Envío de mensaxes por vía interna da aula virtual.
FAMILIAS	Deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro: <ul style="list-style-type: none">• Aplicación Abalarmóbil, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. JULIA BECERRA MALVAR
Rúa Joaquín García Álvarez, 16 – 17
36636 Barrantes Ribadumia (Pontevedra)
Tel. 886151636 Fax: 886151643
E-mail: cpi.julia.becerra@edu.xunta.es

- Aplicación Tokapp, canle para recibir información ou contestar a mensaxes.
- Correo electrónico: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites.
- Teléfono: comunicación directa e inmediata 886 15 16 36/37.

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor coa colaboración dos mestres especialistas e o equipo docente de TICs.

E. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN GRUPO DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

- Potenciarase unha educación eficaz e competencial en base a adquisición de hábitos saudables, e dinámicas de traballo cooperativo, que prepare ao alumnado para a participación activa na vida real no momento presente e futuro, dende unha perspectiva persoal, social, científica, humanística, histórica, artística, académica e profesional.
- Os cambios na forma de relacionarse na sociedade, tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.
- A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo/a nin demonizalo/a, senón apoialo/a e coidalo/a emocionalmente.
- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada. Estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no centro. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.
- A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.
- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.

- A aprendizaxe das medidas hixiénico-sanitarias serán eixo vertebrador do proceso de ensinanza-aprendizaxe da nosa comunidade educativa pola transcendencia social que ten no momento histórico actual.
- Durante a asemblea inicial dentro da aula e diariamente lembrarase, empregando a cartelería de aula, os diferentes aspectos relacionados cos medidas de hixiene e seguridade: evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, tapar a boca e o nariz cun pano de papel ao esbirrar que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado, manter a distancia física recomendada fóra da aula estable e dentro sempre que sexa posible...

Dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica tratarase de facer propostas concretas e de complementar este apartado unha vez que se reúna no mes de setembro.

Este é un Plan vivo, adaptable e modificable no que toda a comunidade educativa e os servizos institucionais (Concello e Consellería) farán as súas achegas asumindo as funcións que lle corresponden, xa que O Equipo Directivo deste centro e o seu Equipo Docente non ten formación, nin competencia para asumir a organización e planificación dun Plan de adaptación de índole sanitario.